



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º PRIMARIA

Curso 2021/2022

Titorías:

Emilio Álvarez Huete, 4ºA

Cristina Otero Calvo, 4ºB

**ÍNDICE**

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	5-
2.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO	10-
3.- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN POR ÁREAS:	12-
3.1. ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA	12-
3.1.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	12-
3.1.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	14-
3.1.3. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	22-
3.1.4. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	24-
3.1.5. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	25-
3.1.6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	25-
3.1.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	26-
3.2. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS	27-
3.2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	27-
3.2.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	29-
3.2.3. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	42-
3.2.4. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	44-
3.2.5. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	45-
3.2.6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	45-
3.2.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	46-
3.3. ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	47-



3.3.1.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	47-
3.3.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	49-
3.3.3.Concrecións metodolóxicas que require a materia.	68-
3.3.4.Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	69-
3.3.5.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	70-
3.3.6.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	70-
3.3.7.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	71-
3.4. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	72-
3.4.1.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	72-
3.4.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	74-
3.4.3.Concrecións metodolóxicas que require a materia.	95-
3.4.4.Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	96-
3.4.5.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	97-
3.4.6.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	98-
3.4.7.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	99-
3.5. ÁREA DE MATÉMICAS	100-
3.5.1.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	100-
3.5.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	102-
3.5.3.Concrecións metodolóxicas que require a materia.	110-
3.5.4.Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	111-
3.5.5.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	112-
3.5.6.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	112-



3.5.7.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	113-
3.6. ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	114-
3.6.1.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	114-
3.6.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	116-
3.6.3.Concrecións metodolóxicas que require a materia.	128-
3.6.4.Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	129-
3.6.5.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	130-
3.6.6.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	130-
3.6.7.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	131-
3.7. ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA – EDUCACIÓN PLÁSTICA	132-
3.7.1.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	132-
3.7.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de : - Temporalización. - Grao mínimo de consecución para superar a materia. - Procedementos e instrumentos de avaliación.	134-
3.7.3.Concrecións metodolóxicas que require a materia.	142-
3.7.4.Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.	143-
3.7.5.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	144-
3.7.6.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	144-
3.7.7.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	145-
4.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	146-
5.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.	148-
6.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.	150-
7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	150-
8.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	154-
9.- CONSIDERACIÓN A TER EN CONTA NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NO SUPOSTO DE POÑER EN MARCHA O PLAN DE CONTINXENCIA, ANEXO AO PLAN DE ADAPTACIÓN Á CRISE PROVOCADA POLA COVID.	156-



1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 INTRODUCCIÓN

A presente programación está baseada nas indicacións para as elaboracións destes documentos recollidas na resolución do 11 de maio de 2018 no seu artigo 27, que se ben é de Secundaria, é a recomendación feita por parte da inspección ata que non exista unha resolución similar para Primaria. Tamén está realizada dacordo coa concreción curricular aprobada no noso centro.

1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

O NOSO CENTRO

O CEIP Vilaverde-Mourente está situado no extremo da parroquia de Mourente máis preto á zona leste da cidade de Pontevedra, onde se asentan en edificios de recente construción familias novas que no inicio da escolaridade dos seus fillos e fillas teñen que elixir entre un centro relixioso concertado e o noso, non tan próximo pero público.

A poboación escolar procedente desa zona únese a de rúas lindeiras, con familias que levan máis tempo residindo nesta parte da cidade, e a procedente da parroquia de Mourente, en descenso dende hai varios anos debido á crise e ás condicións de edificabilidade da zona. Completa as prazas un número de nenos e nenas, cada vez menos numeroso, procedente doutras parroquias limítrofes.

A zona leste de Pontevedra é unha parte da cidade en expansión que, entre outros servizos, conta cun centro de saúde, un centro da Galiña Azul e o conservatorio de música Manuel Quiroga.

O alumnado, 438 en total e 294 en Primaria, neste momento, repártese en 18 grupos, dous por nivel. O alumnado inmigrante, plenamente integrado nas actividades do centro, representa menos do 2%. Non hai casos de absentismo escolar; o alumnado asiste con regularidade e co material necesario, os casos nos que se ten constancia da intervención da asistencia social son escasos.

O alumnado que non recibe educación relixiosa representa aproximadamente o 55%.

Hai alumnado con necesidades educativas de apoio específico de tipoloxía variada: TXD, discapacidade física, problemas de aprendizaxe, THDA, discapacidade sensorial...

Aproximadamente o 85% do alumnado utiliza transporte escolar para volver a casa, o resto acode en coches familiares e menos do 2% camiñando.

Neste curso contarase co Plan Madruga e o comedor escolar.

Forman parte da ANPA case o 75% das nais e pais. A directiva conta cun grupo estable ao que se incorporan cada curso novos membros. Organiza actividades abertas e colabora coas organizadas polo centro. Membros da directiva da ANPA forman parte do consello escolar.

O claustro está formado por 31 docentes. O equipo directivo está nomeado desde o curso pasado. As responsabilidades entre o profesorado repártense en función do tempo de docencia directa e procurando unha certa estabilidade que garanta a continuidade do proxecto educativo.

O colexio conta con tres técnicos auxiliares e un conserxe.

Os programas nos que participamos este curso son: Fomento do Uso do Galego; Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares; Plan de Reforzo (solicítase o programa ARCO), Proxecto Abalar e EDIXGAL. O centro sempre se amosou disposto a participar nos plans propostos dende a Consellería. Este curso solicitamos Contratos Programa: Iguála-T e Eduemociona.

GRUPOS DO NIVEL

O alumnado de cuarto, cincuenta alumnas e alumnos, distribúese en dous grupos que ocupan dúas aulas contiguas ao fondo do corredor da primeira planta.

Todo o alumnado cursou 3º no noso centro.

O grupo A mantén o titor do ano pasado e o grupo B conta cunha nova titora.

O profesorado especialista de E. Musical e de E. Física é o mesmo do curso pasado. Cambia a profesora especialista de L. Estranxeira e renóvase o equipo de orientación co apoio dunha especialista en PT para o grupo B.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



Grupo 4º A

Nº alumnado: 25 (12 nenas e 13 nenos).

A lingua predominante no alumnado é o castelán.

Algún alumnado manifesta problemas de atención o que conleva dificultades na aprendizaxe escolar.

Do total do grupo, 12 asisten a clase de relixión católica, 2 a relixión evanxélica e 11 a clase de VSC.


Grupo 4ºB



A **nota media** do alumnado en **3º EP** no curso 2019/2020 foi a seguinte:

Grupo A

	Insuf.	Suf.	Ben	Not.	Sobr.
Ciencias Sociais		4	4	9	8
Ciencias da Natureza		4	4	9	8
Educación Artística			5	11	9
Lingua Castelá e Literatura		2	5	11	7
Lingua Galega e Literatura		4	8	9	4
Matemáticas		3	5	7	10
VCS /Relixión				1	24
Educación Física			4	14	7
Lingua Inglesa	1	3	4	8	9
Promocionan: 25					





2.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o



deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



3.- ÁREAS:


3.1.- ÁREA DE CIENCIAS da NATUREZA

3.1.1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

Na concreción curricular de centro están establecidas as contribucións de cada área ou materia a cada unha das competencias clave. Os estándares de aprendizaxe organizanse segundo a competencia que se vai desenvolver.

PERFIL COMPETENCIAL





C.CLAVE	ESTÁNDAR APRENDIZAXE		% CONTRIBUCIÓN
CCL	CNB1.1.1, CNB1.1.2, CNB1.2.2, CNB2.1.2, CNB3.1.4, CNB3.2.2, CNB4.1.2, CNB4.2.1, CNB5.1.2	9	12%
CMCCT	CNB1.1.1, CNB1.1.2, CNB1.1.3, CNB1.1.4, CNB1.1.5, CNB1.2.1, CNB1.2.2, CNB1.3.1, CNB2.1.1, CNB2.1.2, CNB2.2.1, CNB2.2.3, CNB2.3.1, CNB2.3.2, CNB2.3.3, CNB3.1.1, CNB3.1.2, CNB3.1.3, CNB3.1.4, CNB3.2.1, CNB3.2.2, CNB4.1.1, CNB4.1.2, CNB4.1.3, CNB4.2.1, CNB4.2.2, CNB4.3.1, CNB4.3.2, CNB4.3.3, CNB5.1.1, CNB5.1.2, CNB5.2.1, CNB5.2.2	33	45%
CSC	CNB1.3.1, CNB2.2.1, CNB2.2.2, CNB2.2.4, CNB4.4.1, CNB4.1.2, CNB4.1.3, CNB5.1.1, CNB5.1.2, CNB5.2.1	10	14%
CD	CNB1.1.2, CNB3.2.2, CNB5.2.2	3	4%
CCEC	CNB5.2.2	1	1%
CAA	CNB1.1.1, CNB1.1.3, CNB1.1.4, CNB1.1.5, CNB1.2.1, CNB1.3.1, CNB2.2.4, CNB3.1.3, CNB5.2.2	9	12%
CSIEE	CNB1.1.1, CNB1.1.3, CNB1.2.1, CNB1.3.1, CNB2.2.2, CNB3.2.2, CNB5.1.1, CNB5.1.2, CNB5.2.2	9	12%
		74	100%

Os resultados académicos do alumnado na materia en **3º EP** no curso 2019/2020 foron os seguintes:

ESTÁNDARES APRENDIZAXE	INS (0-4)	SUF (5)	BEN (6)	NOT (7-8)	SOB (9-10)
4ºA	-	4% - 1	16% - 4	48% - 12	32% - 8
4ºB	-	-	16% - 4	36% - 9	48% - 12



3.1.2.-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Iniciación á actividade científica							
CN-B1.1	3º -CNB 1.1.1.- Busca, selecciona e organiza a información importante, para obter conclusións e comunicar o resultado de forma oral e escrita. 4º-CNB1.1.1 - Busca,selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita. Peso: 2.86%	Busca información con axuda.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CCL CMCT CSIEE
CN-B1.1	4º-CNB1.1.2 - Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. Peso: 2.86%	Presenta os traballos de maneira ordenada.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CMCT CD



CN-B1.1	4º-CNB1.1.3 - Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. Peso: 2.86%	Manifiesta autonomía nas tarefas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CMCT CSIEE
CN-B1.1	4º-CNB1.1.4 - Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos. Peso: 2.86%	Utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CMCT CD
CN-B1.1	4º-CNB1.1.5 - Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo. Peso: 2.86%	Reflexiona sobre o traballo realizado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CAA CMCT
CN-B1.2	4º-CNB1.2.1 - Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información. Peso: 2.86%	Inicia a actividade científica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CAA CMCT CSIEE
CN-B1.2	4º-CNB1.2.2 - Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. Peso: 2.86%	Emprega vocabulario dos contidos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL



CN-B1.3	4º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. Peso: 2.86%	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CMCT CSC CSIEE
Bloque 2: O ser humano e a saúde							
CN-B2.1	4º-CNB2.1.1 - Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. Peso: 2.86%	Localiza os principais órganos vitais.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.1	4º-CNB2.1.2 - Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos. Peso: 2.86%	Recoñece a importancia dos sentidos.	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCT CL
CN-B2.2	4º-CNB2.2.1 - Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde. Peso: 2.86%	Identifica hábitos de hixiene.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CSC
CN-B2.2	4º-CNB2.2.2 - Identifica e valora as súas habilidades persoais. Peso: 2.86%	Identifica as súas habilidades persoais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CSIEE



CN-B2.2	4º-CNB2.2.3 - Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. Peso: 2.86%	Recoñece enfermidades habituais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.2	4º-CNB2.2.4 - Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo. Peso: 2.86%	Planifica actividades de ocio.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA CSC
CN-B2.3	4º-CNB2.3.1 - Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais. Peso: 2.86%	Clasifica alimentos segundo os nutrientes.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.3	4º-CNB2.3.2 - Identifica sistemas de conservación alimentaria. Peso: 2.86%	Identifica sistemas de conservación alimentaria.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.3	4º-CNB2.3.3 - Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola. Peso: 2.86%	Interpreta a pirámide/ roda alimentaria.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT
Bloque 3: Os seres vivos							
CN-B3.1	4º-CNB3.1.1 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	Clasifica animais vertebrados e invertebrados.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT



	Peso: 2.86%						
CN-B3.1	4º-CNB3.1.2 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico. Peso: 2.86%	Recoñece as características das plantas.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B3.1	4º-CNB3.1.3 - Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas. Peso: 2.86%	Utiliza claves para clasificar animais e plantas.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CAA
CN-B3.1	4º-CNB3.1.4 - Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade. Peso: 2.86%	Identifica hábitats de seres vivos.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CCL
CN-B3.2	4º-CNB3.2.1 - Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación. Peso: 2.86%	Coñece as funcións vitais.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B3.2	4º-CNB3.2.2 - Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. Peso: 2.86%	Observa e compara as diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais.	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCL CSIEE CD



Bloque 4: Materia e enerxía

CN-B4.1	4º-CNB4.1.1 - Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Peso: 2.86%	Identifica a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CSC
CN-B4.1	4º-CNB4.1.2 - Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. Peso: 2.86%	Explica as propiedades do aire.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CSC
CN-B4.1	4º-CNB4.1.3 - Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna. Peso: 2.86%	Propón ideas para mellorar os problemas medioambientais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCT CSC
CN-B4.2	4º-CNB4.2.1 - Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz. Peso: 2.86%	Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CCL
CN-B4.2	4º-CNB4.2.2 - Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións. Peso: 2.86%	Investiga forzas que desprazan e deforman os obxectos.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT



CN-B4.3	4º-CNB4.3.1 - Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes. Peso: 2.86%	Compara densidades de diferentes substancias respecto a auga.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT
CN-B4.3	4º-CNB4.3.2 - Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico. Peso: 2.86%	Prepara mesturas de uso doméstico.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT
CN-B4.3	4º-CNB4.3.3 - Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados. Peso: 2.86%	Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas							
CN-B5.1	3º - CNB 5.1.1.- Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián analizando o seu funcionamento. 4º-CNB5.1.1 - Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento. Peso: 2.86%	Identifica algunhas máquinas da vida cotiá.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSC CSIEE



CN-B5.1	<p>4º-CNB5.1.2 - Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.</p> <p>Peso: 2.86%</p>	Coñece a enerxía que se emprega na vida cotiá.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CMCT CSC CSIEE</p>
CN-B5.2	<p>4º-CNB5.2.1 - Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</p> <p>Peso: 2.86%</p>	Identifica os oficios.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CMCT CCL CSC</p>
CN-B5.2	<p>4º-CNB5.2.2 - Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</p> <p>Peso: 2.86%</p>	Aplica os coñecementos á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CMCT CAA CCEC CD CSIEE</p>



3.1.3.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

A área de Ciencias da Natureza, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia ao alumnado no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que o alumnado adquiriu en contacto coa contorna.

Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia entre diferentes pensamentos para fomentar o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas do alumnado.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación dos feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo isto conduce á introdución do método científico.

A integración das competencias e intelixencias múltiples na área supón insistir nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

Trataremos de favorecer estas aprendizaxes mediante:

- A evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- A progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas.
- Os exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais.

Os contidos serán abordados dun xeito global e **integrador**.



O uso das ferramentas TIC ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias da Natureza.

Faranse proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...)



3.1.4.- MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS A UTILIZAR

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

- Murais, fotos, xornais.
- Material funxible. Sen compartir.
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Ordenador, internet.
- Recursos multimedia.
- Encerado dixital.
- Robots, bloques de construción.
- Caderno de clase.
- Biblioteca de aula.
- Actividades de reforzo e ampliación que permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema/proxecto e ampliar algún aspectos importantes.
- **Este curso o material funxible, o uso de materiais manipulables, experimentais e a visita ao laboratorio veranse condicionados pola situación do Covid-19 e os protocolos en vigor.**



3.1.5.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

Aparecen recollidos e detallados na **concreción curricular do noso centro**.

Para as cualificacións teranse en conta as porcentaxes seguintes:

TAREFAS DE CLASE, PRODUCCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA	80%
PROBAS ESPECÍFICAS	20%
	No caso de non realizar este tipo de probas, esta porcentaxe sumarase ás tarefas de clase.



3.1.6.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

Non hai alumnado que teña pendente esta área.

Ver concreción curricular do noso centro.



3.1.7.- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

A desenvolver durante o mes de setembro no período de acollida segundo a guía de avaliación inicial da carpeta de acollida do profesorado (CD distribuido nas xustanzas de comezo de curso). Ver concreción curricular do noso centro.

- Intercambios orais sobre temas de actualidade relacionados coas áreas.
- Busca de información e transformación en esquemas e resumos.
- Actividades sobre un texto relacionado coas áreas para valorar a comprensión e o uso de vocabulario.

A partir dos resultados da avaliación inicial, redactarase a programación definitiva, a temporalización dos contidos e poranse en práctica, de ser preciso, as medidas recollidas no apartado oito desta programación.




3.2.- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

3.2.1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Sociais (CS)

Na concreción curricular de centro están establecidas as contribucións de cada área ou materia a cada unha das competencias clave. Os estándares de aprendizaxe organizanse segundo a competencia que se vai desenvolver.

PERFIL COMPETENCIAL





C.CLAVE	ESTÁNDAR APRENDIZAXE		% CONTRIBUCIÓN
CCL	CSB1.1.1, CSB1.1.3, CSB1.3.1, CSB1.3.2, CSB1.3.3, CSB2.1.1, CSB2.2.1, CSB2.5.1, CSB2.5.2, CSB2.6.1, CSB2.6.2, CSB2.6.3, CSB2.7.1, CSB2.7.2, CSB2.9.1, CSB2.9.2, CSB3.1.1, CSB3.2.1, CSB3.2.2, CSB3.3.1, CSB3.4.1, CSB3.5.1, CSB3.6.1, CSB3.6.2, CSB4.1.1, CSB4.1.2, CSB4.4.1, CSB4.4.2, CSB4.4.3	29	26
CMCCT	CSB1.1.1, CSB1.1.3, CSB1.3.1, CSB1.3.2, CSB1.3.3, CSB2.1.1, CSB2.2.1, CSB2.3.1, CSB2.4.1, CSB2.5.1, CSB2.5.2, CSB2.5.3, CSB2.6.1, CSB2.6.2, CSB2.6.3, CSB2.7.1, CSB2.7.2, CSB3.5.2, CSB4.1.1, CSB4.2.1, CSB4.3.1, CSB4.3.2, CSB4.4.1, CSB4.4.4	24	21
CSC	CSB1.2.1, CSB1.2.2, CSB1.3.1, CSB1.3.2, CSB1.3.3, CSB2.6.1, CSB2.8.1, CSB2.8.2, CSB2.9.1, CSB2.9.2, CSB3.1.3, CSB3.2.1, CSB3.2.2, CSB3.3.1, CSB3.4.1, CSB3.5.1, CSB3.6.1, CSB3.6.2, CSB4.1.1, CSB4.1.2, CSB4.2.1, CSB4.3.1, CSB4.3.2, CSB4.4.1, CSB4.4.2, CSB4.4.3, CSB4.4.4, CSB4.5.1, CSB4.6.1	29	26
CD	CSB1.1.1, CSB1.3.3, CSB2.5.2	3	3
CCEC	CSB4.1.2, CSB4.4.1, CSB4.4.2, CSB4.4.3, CSB4.4.4, CSB4.5.1, CSB4.6.1	7	6
CAA	CSB1.1.1, CSB1.1.2, CSB1.1.3, CSB1.2.1, CSB1.2.2, CSB1.3.1, CSB1.3.2, CSB2.1.1, CSB2.2.1, CSB2.3.1, CSB2.4.1, CSB2.5.1, CSB2.5.2, CSB2.6.3, CSB2.8.1, CSB2.8.2, CSB3.5.2, CSB4.2.1, CSB4.3.2	19	17
CSIEE	CSB1.1.2	1	1
		112	100

Os resultados académicos do alumnado na materia en **3º EP** no curso 2019/2020 foron os seguintes:

ESTÁNDARES APRENDIZAXE	INS (0-4)	SUF (5)	BEN (6)	NOT (7-8)	SOB (9-10)
4ºA	-	4% - 1	16% - 4	48% - 12	32% - 8
4ºB	-	-	12% - 3	36% - 9	52% - 13



**3.2.2.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.
 TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO**

CURSO	2020/2021		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Sociais (CS)

*En vermello os estándares de aprendizaxe que non se traballaron no curso pasado por mor da pandemia COVID 19.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
		Indicador mínimo de logro				Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Contidos comúns							
CS-B1.1	4º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. Peso: 2.27%	Busca información con axuda e a comunica de forma sinxela.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CD CMCT CCL



CS-B1.1	4º-CSB1.1.2 - Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. Peso: 2.27%	Manifiesta autonomía, iniciativa e responsabilidade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CAA
CS-B1.1	4º-CSB1.1.3 - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. Peso: 2.27%	Realiza as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Carpeta do alumnado .	CAA CCL CMCT
CS-B1.2	4º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. Peso: 2.27%	Participa en actividades individuais e de grupo valorando o traballo cooperativo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
CS-B1.2	4º-CSB1.2.2 - Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. Peso: 2.27%	Adoita un comportamento responsable e democrático.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA



CS-B1.3	4º-CSB1.3.1 - Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. Peso: 2.27%	Emprega un vocabulario axeitado da área.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA CMCT CSC
CS-B1.3	4º-CSB1.3.2 - .Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. Peso: 2.27%	Comprende e exprésase de maneira axeitada en textos relacionados coa área.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CMCT CSC CAA
CS-B1.3	4º-CSB1.3.3 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. Peso: 2.27%	Analiza as distintas informacións en diferentes soportes.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Carpeta do alumnado .	CCL CD CMCT CSC
Bloque 2: O mundo que nos rodea							
CS-B2.1	3º-CSB2.1.1 - Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC	Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Carpeta do alumnado.	CMCT CD



CS-B2.2	3º-CSB2.2.2 - Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea</p>	CMCT CCL
CS-B2.1	3º-CSB2.3.2 - Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos. 4º-CSB2.1.1 - Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias. Peso: 2.27%	Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción Coñece a formación da litosfera e as placas tectónicas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCT CAA CC L
CS-B2.2	4º-CSB2.2.1 - Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios. Peso: 2.27%	Coñece as distintas representacións da terra.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	CMCT CCL CAA
CS-B2.3	4º-CSB2.3.1 - Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas. Peso: 2.27%	Localiza aproximadamente distintos puntos da terra.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	CMCT CAA



CS-B2.4	4º-CSB2.4.1 - Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel. Peso: 2.27%	Identifica os signos convencionais que aparecen nos mapas.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCT CAA
CS-B2.5	4º-CSB2.5.1 - Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico. Peso: 2.27%	Identifica distintos instrumentos para a predición do tempo atmosférico.	X			PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto/pechado.	CMCT CCL CAA
CS-B2.5	4º-CSB2.5.2 - Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións. Peso: 2.27%	Identifica unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións. Coñece e valora unha estación metereolóxica.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCT CCL CAA CD



CS-B2.5	4º-CSB2.5.3 - Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais. Peso: 2.27%	Interpreta un mapa metereolóxico sinxelo.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT
CS-B2.6	4º-CSB2.6.1 - Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas. Peso: 2.27%	Identifica os compoñentes da hidrosfera.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CSC
CS-B2.6	4º-CSB2.6.2 - Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas. Peso: 2.27%	Diferenza cuncas e vertentes.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CCL
CS-B2.6	4º-CSB2.6.3 - Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles. Peso: 2.27%	Identifica e nomea os tramos dun río.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CAA
CS-B2.7	4º-CSB2.7.1 - Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos. Peso: 2.27%	Observa e identifica algunhas rochas.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCT CCL



CS-B2.7	4º-CSB2.7.2 - Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades. Peso: 2.27%	Diferencia entre rochas e minerais e coñece as súas utilidades.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCT CCL
CS-B2.8	4º-CSB2.8.1 - Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas. Peso: 2.27%	Localiza nun mapa de Galicia as unidades do relevo.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CAA
CS-B2.8	4º-CSB2.8.2 - Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia. Peso: 2.27%	Sitúa no mapa os mares e océanos e os principais ríos de Galicia.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CAA
CS-B2.9	4º-CSB2.9.1 - Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. Peso: 2.27%	Valora a importancia do medio e as consecuencias da acción humana.	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
CS-B2.9	4º-CSB2.9.2 - Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. Peso:2.27%	Sabe de medidas de desenvolvemento sostible e consumo responsable.	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL

Bloque 3: Vivir en sociedade



CS-B3.1	3º-CSB3.1.1 - Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	Coñece a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	CSC CCL
CS-B3.1	3º-CSB3.4.1 - Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos tres sectores de actividades económicas.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	CMCT CCL
CS-B3.1	4º-CSB3.1.1 - Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica. Peso: 2.27%	Respecta os principios democráticos e a convivencia pacífica.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CCL
CS-B3.2	4º-CSB3.2.1 - Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións. Peso: 2.27%	Identifica as principais institucións galegas e as súas funcións.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC CCL
CS-B3.2	4º-CSB3.2.2 - Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	Identifica os poderes do estado e as súas atribucións.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC CCL



	Peso: 2.27%						
CS-B3.3	4º-CSB3.3.1 - Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España. Peso: 2.27%	Localiza as distintas comunidades autónomas en mapas políticos.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CCL
CS-B3.4	4º-CSB3.4.1 - Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. Peso: 2.27%	Recoñece a diversidade como fonte de enriquecemento cultural.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
CS-B3.5	4º-CSB3.5.1 - Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos. Peso: 2.27%	Define demografía e os principais conceptos demográficos.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CCL
CS-B3.5	4º-CSB3.5.2 - Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información. Peso: 2.27%	Elabora gráficos sinxelos con datos demográficos.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.	CMCT CAA



CS-B3.6	<p>3º-CSB3.5.1 - Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.</p> <p>4º-CSB3.6.1 - Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.</p> <p>Peso: 2.27%</p>	<p>Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.</p> <p>Recoñece normas básicas de circulación e as consecuencias do seu incumprimento.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto/pechado.</p>	CSC CCL
CS-B3.6	<p>4º-CSB3.6.2 - Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar a persoa condutora...)</p> <p>Peso: 2.27%</p>	<p>Coñece algunhas sinais de tráfico, a importancia de respetalas e as utiliza.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CSC CCL
Bloque 4: As pegadas do tempo							
CS-B4.1	<p>3º-CSB4.2.1 - Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.</p>	<p>Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCT CCEC



CS-B4.1	4º-CSB4.1.1 - Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final. Peso: 2.27%	Define a historia e a prehistoria coas datas de inicio e final.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CMCT CCL
CS-B4.1	4º-CSB4.1.2 - Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas. Peso: 2.27%	Valora a agricultura, gandería e escritura como fundamentais nas sociedades humanas.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCEC CCL
CS-B4.2	4º-CSB4.2.1 - Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura. Peso: 2.27%	Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos para coñecer o pasado			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CMCT CAA
CS-B4.3	4º-CSB4.3.1 - Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C Peso: 2.27%	Recoñece o século como unidade de tempo e sitúa feitos na liña do tempo.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CSC
CS-B4.3	4º-CSB4.3.2 - Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os	Localiza feitos no tempo e no espazo			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común..	CMCT CSC CAA



	acontecementos. Peso: 2.27%						
CS-B4.4	4º-CSB4.4.1 - Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas. Peso: 2.27%	Sitúa na liña do tempo feitos da prehistoria e da historia de España.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSC CCEC CCL
CS-B4.4	4º-CSB4.4.2 - Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas. Peso: 2.27%	Explica as distintas épocas históricas estudadas.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC CSC CCL
